

1. Delimitación conceptual

O Ministerio Fiscal é un órgano do Estado de relevancia constitucional con personalidade xurídica propia que, de conformidade co salientado no artigo 124 da Constitución española (CE), debe promover a acción da xustiza en defensa da legalidade, dos dereitos das cidadás e dos cidadáns e do interese público protexido pola lei —a solicitude das persoas interesadas ou de oficio—, así como velar pola independencia dos órganos xurisdicionais e procurar perante estes a satisfacción do interese social (art. 1 da Lei 50/1981, de 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, EOMF).

Para dar conta detallada dos horizontes *supra* sinalados, o tamén denominado Ministerio Público poderá, a través dos seus propios órganos (124.2 CE), desprezar unha batería de actuacións que van dende solicitar a notificación de resolucións xudiciais e da Fiscalía Europea, ata informar á opinión pública dentro, obviamente, dos lindeiros da súa competencia e con respecto aos deberes de reserva e sigilo previstos pola legalidade vixente, ou darlle á Policía Xudicial as ordes e instrucións que mellor conveñan (art. 4 EOMF).



2. Natureza

Malia que a CE incorpore a súa delimitación conceptual no Título VI relativo ao Poder Xudicial, e que o propio EOMF (art. 2) saliente que está “integrado con autonomía funcional no Poder Xudicial”, o certo é que a natureza do Ministerio Fiscal non resulta, en absoluto, unha cuestión sinxela ou de orde menor.

Para facer a debida composición de lugar, basta con reparar en que o fiscal xeral do Estado —sobre o que volvere-

mos— debe ser nomeado a proposta do Goberno, e non dun Consello Xeral do Poder Xudicial que, por certo, unicamente debe ser escoitado ao respecto.

O apuntado ata o momento serve para entender que non se trata dun tema pacífico para a doutrina. No que agora corresponde, interesa destacar que coincidimos con Moreno Catena cando sinala: “O MF é un órgano do Estado, de natureza administrativa e non xudicial, que se atopa, porén, fóra da organización administrativa establecida para o exercicio das funcións do Goberno; pola súa parte, o MF tampouco depende do Goberno, senón que opera con autonomía funcional respecto del” (2019, pp. 185-186).



3. Principios

A dimensión constitucional do Ministerio Público e a súa relevancia no que á Xustiza respecta, fixo que o constituínte español quixera trazar moi claramente tanto os seus principais elementos de configuración, como os criterios que deben gobernar o seu proceder.

Adóitase diferenciar neste sentido, unha serie de principios fundamentais do Ministerio Fiscal clasificados ao redor, xustamente, destes dous aspectos: por un lado, os principios orgánicos ou estruturais; e polo outro, os principios de actuación.

3.1. Principios orgánicos

En relación aos primeiros, sinala o artigo 124.2 CE que o Ministerio Público deberá exercer as súas funcións de acordo cos principios de unidade de actuación e dependencia xerárquica. Do salientado cabe inferir algunhas consideracións de interese. En primeiro lugar, o Ministerio Público é único para o conxunto do Estado e a súa xefatura superior é ostentada polo fiscal xeral do Estado a quen compete a dirección e inspección do órgano con todo

o que iso comporta (art. 22.1-2 EOMF): dar ordes e instrucións xerais ou específicas aos seus subordinados (art. 25 EOMF), mesmo chamándoos para iso á súa presenza; nomear a calquera membro do Ministerio Fiscal para que interveña nun determinado asunto etc. (art. 26 EOMF).

En segundo lugar, o fiscal xefe de cada órgano deberá exercer a súa dirección e proceder sempre en representación do Ministerio Fiscal. Fica, xa que logo, sometido á dependencia dos seus superiores xerárquicos e do fiscal xeral do Estado (art. 22.5 EOMF). Na mesma lóxica, calquera membro da Fiscalía que reciba unha orde en relación a asuntos concretos do exercicio das súas funcións, haberá de someterse e cingirse a ela nos seus ditames, cos matices previstos no artigo 25 do EOMF.

En terceiro lugar, cada Fiscalía deberá celebrar regularmente xuntanzas para que os seus membros poidan examinar os asuntos de particular relevancia ou dificultade, precisamente, para coordinar unha fixación de posicións que permita garantir a imprescindible unidade de criterio (art. 24.1).

Porén, no caso de que un membro da Fiscalía considere ilegal ou improcedente unha orde recibida, deberá comunicarllo ao seu fiscal xefe a través dun informe razoado. Se o fiscal xefe fose o emisor da orde, daralle traslado da cuestión á Xunta de Fiscalía e, tras o que esta sinala ao respecto, resolverá de maneira definitiva quer para ratificar a orde, quer para reconsiderala.

Se o emisor fose un superior, o informe dirixiráselle a el para que, no caso de non estimar as razóns esgrimidas, resolva escoitando antes á Xunta de Fiscalía. Por último, se o emisor fose o fiscal xeral do Estado, será este quen resolva escoitando á Xunta de Fiscais de Sala.



De ser confirmada a orde, procederáse no sentido apuntado a través dun escrito motivado no que, ben se explicitará a relevación das responsabilidades que, de ser o caso, puideran irrogarse, ben se lle asignará a outro fiscal o despacho do asunto en cuestión (art. 27 EOMF).

3.2. Principios de actuación

Con respecto aos principios de actuación, o Ministerio Fiscal deberá proceder na súa actuación con suxeición ao principio de imparcialidade, isto é, con obxectividade e independencia na tutela dos intereses a el confiados (art. 7 EOMF); e ao de legalidade, é dicir, con sometemento pleno ao ordenamento xurídico vixente (art. 6 EOMF).

Na orde xurisdiccional penal, a literatura especializada ten debatido con profusión sobre o alcance do principio de legalidade en relación á acción penal. Alén do previsto no proceso penal do menor, o debate orbitou durante algún tempo arredor da posibilidade de interacción e convivencia entre os denominados criterios de oportunidade e o principio de legalidade que, como é sabido, implica unha suxeición estrita á lei. Desbotada a modalidade libre do principio de oportunidade, en tanto que inconstitucional, hogano o debate sobre a posibilidade —que non sobre a conveniencia— fica superado pola evidencia.

En efecto, a través do punto dez da Disposición final segunda da Lei orgánica 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica o Código penal, o lexislador decidiu modificar hai sete anos o artigo 963 da Lei de axuízamento criminal. A nova literalidade da disposición subliña que, unha vez recibido o atestado, o órgano xurisdiccional poderá —se entende procedente a incoación do xuízo— ben acordar a súa celebración, ben acordar o sobresemento do proceso e o arquivamento das dilixencias. E isto, sempre e cando o solicite o Ministerio Fiscal en relación a un delito leve de moi escasa gravidade e que non exista un interese público relevante na persecución do feito. As esixencias chamadas a concorrer para que resulte de aplicación a sinalada posibilidade evidencian un ámbito máis que reducido (“delitos bagatela”). Con todo, non cabe dúbida sobre a relevancia da disposición: coa actual redacción incorporouse un novo motivo de sobresemento con base no que constitúe un inequívoco criterio de oportunidade.

4. Bibliografía

- GIMENO SENDRA, V., DÍAZ MARTÍNEZ, M. e CALAZA LÓPEZ, S., *Derecho procesal penal*. Tirant lo Blanch: Valencia, 2021.
- GÓMEZ COLOMER, J. L. e BARONA VILAR, S. (dirs.), *Proceso Penal. Derecho Procesal III*. Tirant lo Blanch: Valencia, 2022.
- MORENO CATENA, V. e CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., *Derecho procesal penal*. Tirant lo Blanch: Valencia, 2021.
- MORENO CATENA, V. e CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., *Introducción al Derecho Procesal*. Tirant lo Blanch: Valencia, 2019.

5. Outras referencias

- Ministerio Fiscal.
<https://www.fiscal.es/>
- Poder Xudicial.
<https://www.poderjudicial.es/>
- Tribunal Constitucional.
<https://www.tribunalconstitucional.es/>

